

**PEZA:** fragmento de prato.

**AUTOR:** obradoiro de Talavera de la Reina (Talavera, Toledo)

Ingreso por actuación arqueolóxica. Casa do Dean (rúa do Vilar, nº1, Santiago de Compostela)

**NºINV.:** D-800.8761/692/A-C

Peza favorita de **Verónica del Río Canedo**

«Son Verónica del Río e non quería desaproveitar a ocasión que ofrece o #MDPS para falar da miña peza favorita exposta na sede de Praterías.

Trátase do fondo dun prato de louza de Talavera exposto na segunda planta, na vitrina que analiza o comercio en Compostela en época medieval e moderna. Probablemente moitos e moitas de vós esteades a pensar que este anaquiño de louza non merece tal dedicación, pero este fragmento de arxila coidadosamente decorado esconde moito máis do que a súa humilde apariencia indica. Sempre tiven a opinión persoal que os libros de historia amosan a historia dos grandes personaxes, reis, raíñas, nobres, a Igrexa... quedando estudo do pobo e a da vida cotiá relegada a estudos menos «divulgativos».

Non fai moito coñecía a historia de doña Josefa Martínez de Palacios, boticaria e mercadora de vidros e Talaveras. Muller que desenvolvía o seu oficio na nosa benquerida cidade en 1753. Ao ler ás liñas dedicadas a esta señora na «Historia das mulleres en Galicia» (Rey Castelao, 2011) non puiden máis que pensar nese pequeno fragmento de louza de Talavera exposto nas salas do Museo das Peregrinacións e de Santiago e de toda a historia que esconden eses pequenos fragmentos de cerámica que moitas veces pasan desapercibidos e que grazas á arqueoloxía volven a formar parte da historia e da nosa Historia. Quen sabe se doña Josefa tivo algo que ver na venda dalgúns dos milleiros de anacos de louza de Talavera que se atopan nas escavacións arqueolóxicas da cidade.

A arqueoloxía ofrece o testemuño directo dos cidadáns e cidadás que ocuparon esta cidade ao longo da historia. Nesta planta do Museo temos expostas unha morea de exemplares que nos remiten a realidades moi diversas, a cerámica común usada polo pobo e a cerámica de luxo procedente de rutas comercias que non estaban ao alcance de todos. Son fragmentos que nos falan da súa forma de facer, dos obxectos funcionais do día a día, dos seus hábitos alimenticios (dos que tamén temos constancia nestas vitrinas con restos orgánicos de ósos, cunchas, etc.). Son os documentos da vida cotiá dos moradores desta cidade ocultos no subsolo, baixo a nosa actual cidade, e rescatados a través das intervencións dos profesionais da arqueoloxía urbana dando voz de novo a estes silenciosos documentos.

Hoxe día, e coa evolución da tecnoloxía, imos deixando testemuñas dixitais da nosa existencia e tamén en milleiros de documentos. Pero imaxinádesvos como sería que reconstruísen a nosa historia a través da vaixela (esnaquizada) das nosas lacenas? Ou do lixo que desbotamos? Seguro que chegarían a curiosas conclusóns»

Verónica del Río Canedo  
2 de agosto de 2021